

ADIANTÁNDOSE Ó SEU TEMPO: COÑECEMENTO E ENSINO DA XEOGRAFÍA NA OBRA DE FREI MARTÍN SARMIENTO

Francisco Rodríguez Lestegás

Universidade de Santiago de Compostela

No ano 1972 conmemorouse o II Centenario do pasamento de Frei Martín Sarmiento, cualificado por méritos propios como o máis xenial e prolífico, enciclopédico aínda que non enciclopedista, dos nosos ilustrados. Co gallo desa efeméride, o Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento publicou un volume monográfico dos *Cuadernos de Estudios Gallegos*. En 1995, unha nova celebración, esta vez o tricentenario do seu nacemento, xustificou a reedición desa obra, enriquecida con novas contribucións. Co mesmo motivo, celebrouse tamén un Congreso Internacional, auspiciado polo Consello da Cultura Galega e a Universidade de Santiago de Compostela, do que se publicaron dous tomos coas achegas presentadas. No 2002, cando se cumpren 230 anos do seu pasamento, dedícaselle a este sobranceiro galego o Día das Letras Galegas, o que supón unha ocasión irrepitible para glosar de novo a figura dun home que, desde a soidade da súa cela, soubo adiantarse ó seu tempo e deixar para a posteridade un agudo e lúcido pensamento.

O personaxe, o seu tempo, a súa obra

No ano 1695, cando aínda reinaba en España Carlos II, nace en Vilafranca do Bierzo Pedro José García de Balboa, fillo de Alonso García Gosende e de Clara de Balboa Sarmiento. Ós catro meses de nacer, trasládase toda a familia a Pontevedra, onde transcorre a infancia e a escolarización de Pedro José, primeiro no colexio rexido polos xesuítas e despois no mosteiro beneditino de San Salvador de Lérez. O derradeiro monarca español da dinastía habsburguesa morre supostamente “enfeitizado” en 1700, despois de dúas estériles vodas e deixando o país nunha ridícula e lamentable situación no contexto internacional. Ó ano seguinte, Felipe V, neto de Luís XIV, entra na vila e corte de Madrid, capital do seu novo reino, e dispónse a afrontar unha longa guerra contra os partidarios do outro pretendente, o arquiduque Carlos de Austria. O chamado “Século das Luces” botaba a andar nun país maioritariamente analfabeto.

En 1702, Pedro José é testemuña da chamada “batalla de Rande”, desfeita que lle infundiou verdadeiro pánico e que pode estar na orixe desa sensación de soidade que o acompañou durante toda a súa vida: na enseada de San Simón, fronte a Redondela, a escuadra angloholandesa queimou e afundiou os galeóns que, procedentes da Habana cun

cargamento de prata destinado a engrosar as arcas da Coroa, se dirixían a Vigo custodiados por navíos pertencentes á armada francesa. O amedrentado neno, que debía estar só nese intre, escapa da casa e é recollido polas monxas de Santa Clara de Pontevedra que fuxían cara ó priorado beneditino de Tenorio (Filgueira, 1994; Pensado, 1978).

Xa en 1710, cando o rapaz acababa de facer os 15 anos, sae para o convento de San Martín de Madrid, onde ingresa como novicio da orde bieita. Despois de profesar ó ano seguinte, entre 1711 e 1714 estudia Artes e Filosofía no Colexio de Irache (Navarra). Mentres tanto, asinábase a Paz de Utrecht (1713), un conxunto de tratados entre as potencias belixerantes na guerra de Sucesión española que, ademais de poñer fin a un conflito dinástico e civil, serviron tamén para saldar outros contenciosos europeos. O monarca borbón asentábase no trono de España a cambio da perda do poder español en Europa. No fondo, Felipe V nunca se resignou ás duras estipulacións de Utrecht, o que explica a política exterior altamente conflictiva e o revisionismo imperialista que caracterizou o seu prolongado reinado (Domínguez Ortiz, 1976).

O monxe de San Bieito continúa estudos de Teoloxía no Colexio de San Vicente, pertencente á Universidade de Salamanca. Precisamente na época salmantina é cando cambia de nome, aparecendo matriculado durante o curso 1716-17 como *Fr. Martín Sarmiento*. Este cambio de identidade debeuse á coincidencia de apelidos García e Balboa con outros compañeiros de estudos, polo que elixiu ou lle elixiron o segundo de súa nai, Sarmiento; pola súa banda, adoptou o nome de Martín en honor ó patrón do convento no que profesou.

Frei Martín Sarmiento pasa os anos posteriores nos conventos beneditinos de San Pedro de Eslonza (León), San Salvador de Celorio (Asturias) e San Vicente de Oviedo; é aquí onde coincide con Feijoo, que se convertería desde entón no seu máis apreciado mestre e amigo. En 1724 prodúcese a abdicación de Felipe V e o comezo do efémero reinado de Luís I, xa que as varíolas acabaron con el o mesmo ano da súa entronización, obrigando a Felipe V a volver empuñar o cetro.

A etapa leonesa e asturiana do Padre Sarmiento remata en 1725, cando retorna a Madrid, non sen antes viaxar ata Pontevedra para se despedir da súa nai, que contaba xa con 75 anos. Desta viaxe por terras galegas proceden as numerosas referencias (Ribadeo, Mondoñedo, Betanzos, A Coruña, Santiago, Pontevedra, Tui, Ourense) que podemos atopar espalladas polos seus escritos.

Os seguintes vinte anos de residencia madrileña só foron interrompidos por quince meses de estada en Toledo, entre 1726 e 1727. Non deixa de aproveitar a oportunidade que lle concede a celebración do Capítulo Xeral da Orde en Valladolid (1745) para realizar unha nova e anhelada viaxe a Galicia, que se prolonga durante sete meses, entre 1745 e 1746. Este momento, cando xa tiña 50 anos e notaba a súa cabeza chea de “voces” pero baleira de “ cousas”, coincide cunha especie de crise da súa vocación etimolóxica e co inicio dun novo interese por outros ámbitos científicos ata ese momento

desatendidos. A súa curiosidade dirixírase a partir de agora cara á botánica, a toponimia, a xeografía e, desde logo, todo o que tiña que ver coa lingua e cultura galegas.

Un súpeto ataque de apoplexía leva á tumba a Felipe V en 1746, poñendo fin ó máis longo reinado da historia moderna de España. O mandato do seu fillo e sucesor, Fernando VI (1746-1759), abre unha paréntese de paz e reconstrucción interna, que tanto necesitaban os reinos de España. Sen ambición política nin dotes de goberno, confiou o poder a dous ministros: Zenón de Somodevilla (marqués da Ensenada) e José de Carvajal. Mentres tanto, Sarmiento, de novo no seu encerro madrileño, reinicia os traballos de encarga. Entre eles, o *Plano de un nuevo y fácil método para formar una general descripción geográfica completa de toda la península y de toda la América* (1751), probablemente a pedimento do marqués da Ensenada. En 1754, a fame provocada pola seca obrígoa a saír de Madrid e a retornar a Galicia, onde nesta ocasión permanece durante ano e medio dedicado fundamentalmente a proseguir os seus traballos relacionados coa botánica e a filoloxía galega.

En 1755 Sarmiento vese na obriga de aceptar o cargo de abade do mosteiro de Ripoll, aínda que esta non desexada responsabilidade libérao das funcións de Cronista Xeral de Indias que viñera desempeñando nos últimos cinco anos. De todos os xeitos, a estadía en terras catalanas non se prolonga máis de dous anos e, cando en 1757 o frade bieito volve á súa cela madrileña, os seus 62 anos non lle impiden comezar a época de maior fecundidade. Así o testemuñan os numerosos traballos de historia natural, botánica, etimoloxía e filoloxía que saen da súa pluma durante este período. E tamén de xeografía, xa que a abundante información recollida no transcurso da súa última viaxe por terras galegas permítelle redactar o *Problema Chorográfico para describir todo el Reino de Galicia con un Nuevo Método* (1762). A finais dese mesmo ano comeza a escribir a súa colosal *Obra de seiscientos sesenta pliegos*, co obxecto de responder ós ataques dos avogados coruñeses contra os foros e terras que posuían en Galicia os beneditinos, redacción que se prolongaría ata 1766.

Sete anos antes morrera Fernando VI de tolería melancólica, a mesma doenza que padecera o seu pai. Diante da falta de descendentes directos, pasou a ser rei de España Carlos III (1759-1788), fillo de Felipe V e da súa segunda esposa, Isabel de Farnesio. O novo monarca, que viña de ser rei de Nápoles, situou o goberno efectivo do país primeiro nas mans do marqués de Esquilache e despois nas do conde de Aranda, conde de Floridablanca e Campomanes. No contexto político do “despotismo ilustrado” e baixo o reinado máis reformista e innovador da España do Dezaioito, transcorre a derradeira etapa da vida do monxe beneditino. As preocupacións pedagóxicas están presentes en case todas as obras que saen agora da súa pluma, especialmente en *Educación de la juventud* (1768). Un ano antes, a Carlos III non lle resultara difícil contar coa aprobación dos superiores das outras ordes relixiosas e da maior parte dos prelados para decretar a expulsión dos xesuítas, tan poderosos como impopulares, baixo a acusación de que foran os

instigadores da axitación popular coñecida como “motín de Esquilache”, en realidade un movemento reaccionario en contra dos ideais reformistas do goberno.

Sarmiento falece en 1772 no convento de San Martín de Madrid. O seu corpo recibiu sepultura na igrexa do mosteiro madrileño, que foi derrubada en 1809, cando reinaba José Bonaparte. Anos máis tarde, correu a mesma sorte o edificio conventual. Todo iso fixo que os seus restos acabaran por perdérense e que todos os intentos por recuperalos resultasen, polo de agora, infructuosos (Filgueira, 1994).

Paradoxalmente, Frei Martín Sarmiento, coñecido pola súa selecta e ampla biblioteca persoal e etiquetado como un dos intelectuais máis orixinais e prestixiosos do seu século (Allegue, 2001), só publicou en vida os dous tomos dunha das súas obras: a *Demonstracion critico-apologetica del Theatro Critico Universal, que dio a luz el R. P. M. Fr. Benito Geronymo Feijoo, Benedictino* (1732), para defender a obra que o seu irmán de relixión comezara a publicar en 1726. Malia o éxito editorial (o libro foi reimpresso en catro ocasións), a experiencia resultoulle moi ingrata, polo que nunca xamais volveu publicar nada da súa produción a pesar de que foron moitos os que o animaron a facelo. Todos os seus escritos posteriores non tiñan máis lectores que o reducido número de amigos que admitía na súa cela con ocasión dos faladoiros dominicais, de maneira que os seus traballos permaneceron inéditos ata que foron aparecendo ó longo dos séculos XIX e XX, editados a partir de copias non sempre demasiado fieis ós manuscritos orixinais.

Sen embargo, o seu illamento claustral non foi óbice para a súa continua intervención nos asuntos de interese xeral do seu tempo. Goza da confianza dos monarcas (Felipe V nomeouno “Consultor Privado de Su Majestad”), que teñen en gran valor o seu parecer, e os políticos máis influentes da Corte madrileña frecuentemente lle dirixían consultas e lle encargaban proxectos, aínda que despois non seguían as súas indicacións. A súa vida recluída está dedicada a unha inesgotable tarefa de emitir informes, opinións, dictames e aclaracións sobre os temas máis diversos. Non é de estrañar, xa que logo, que a maior parte dos seus escritos respondan a consultas feitas por altos personaxes relacionados coa administración borbónica. A diferenza de Feijoo, a notoria celebridade da que Sarmiento gozou no seu século debeuse á súa fama e non ós seus libros (Pensado, 1978, 1994, 1995).

O coñecemento xeográfico

Cando Sarmiento emprende as dúas derradeiras “peregrinacións” a Galicia (1745 e 1754) leva consigo un *Diario*, no que reflicte coidadosamente toda a información que podía recoller sobre cada un dos lugares polos que pasaba, así como o que era capaz de observar a dereita e esquerda, as inscricións coas que tropezaba, as distancias e os nomes dos montes, ríos, vales, etc. Coas anotacións así reunidas compuxo dous libríños, de vinte pregos o primeiro e dezanove o segundo (Colección Medina Sidonia), nos que amosa a súa preocupación polo coñecemento xeográfico do noso país, aínda que este interese non

se traducise nunha produción bibliográfica tan abundante coma no caso da historia natural, a botánica ou a filoloxía. Non obstante, as súas ideas xeográficas acabaron plasmando en dúas obras de capital significación: o *Plano de un nuevo y fácil método para formar una general descripción geográfica de España y América* (1751) e o *Problema Chorográfico para describir a Galicia con un nuevo método* (1762). Ademais, na *Obra de seiscientos sesenta pliegos*, escrita no ano 1762 e seguintes, podemos atopar interesantes reflexións sobre diferentes temas que hoxe caen dentro do ámbito da xeografía humana.

Un ambicioso proxecto de descrición xeográfica de España

No arquivo do mosteiro burgalés de Santo Domingo de Silos consérvase o manuscrito autógrafo do ano 1751, titulado *Plano de un nuevo y fácil método para recoger infinitos materiales y ciertas memorias que puedan servir de sólido fundamento; si en España se piensa en formar una general descripción geográfica completa de toda la península, y de toda la América; y qual no la tiene hasta ahora nación alguna*. Consta de once pregos, que foron editados por J. L. Pensado (1996) e que teñen un encabezamento epistolar, xa que constituíen a resposta a unha consulta sobre cómo levar a cabo unha completa descrición de todos os lugares de España que tivesen algunha singularidade. Non se sabe quen lle fixera este encargo, aínda que é probable que fose o marqués da Ensenada ou algún outro persoeiro da Corte de Fernando VI; o traballo probablemente sexa continuación do *Plano para formar una descripción general de América*, cinco pregos que foran entregados en 1741 ó Marqués de Valdelirios, e do *Plano para la Descripción Geográfica del Perú*, escrito o mesmo ano a petición dun cabaleiro de Lima, documentos ambos os dous que non se atopan entre os manuscritos do frade bieito (Filgueira, 1981, 1994).

O proxecto de Sarmiento, inspirado nos tres tomos das *Topographias de Portugal* do Padre Carvallo e no *Atlas de la China* do Padre Martini, consta de once pregos ó longo dos cales se desenvolve un detallado “interrogatorio” de 150 preguntas coordinadas, das que só desenvolveu as 120 primeiras, o que nos permite supoñer que debeu quedar inconcluso. As preguntas incluídas na relación refírense a todo canto se pode saber sobre unha provincia, territorio, cidade, vila ou aldea; é posible que non sempre se poidan responder todos os interrogantes formulados, pero aínda no caso das entidades máis insignificantes se poderá dar resposta a un número considerable de preguntas. Sexa cal sexa o número de respostas recollidas, o encadeamento do cuestionario posibilitará unha descrición natural e metódica do lugar, e non debe haber nada que se desexe saber do mesmo que non se poida coñecer a través dalgunha das preguntas.

A enquisa comprende seis ámbitos ou “estados” (cosmográfico, físico, ético, económico, político e histórico), subdividido cada un deles en seis clases:

1. Cosmográfico: gramática, xeografía, meteoroloxía, topografía, idioma e carácter.
2. Físico: comarca, fertilidade, montería, agricultura, botánica e minerais.

- 3.Ético: costumes, relixión, obras pías, exercicios devotos, estudos e divertimentos.
- 4.Económico: poboación, nobreza, industria, goberno, medidas e comercio.
- 5.Político: edificios públicos, edificios literarios, milicia, marina, rendas e xustiza.
- 6.Histórico: antigüidades, glorias, épocas, desgracias, méritos e tradicións.

Cada unha das seis clases contén 4 interrogantes, de onde resulta un total de 144 preguntas consecutivas, ás que se engaden seis máis para as “probos xustificativas”. Por exemplo: no apartado de “Xeografía” pregúntase sobre “clima e paralelo”, “latitude e lonxitude”, “agulla e barómetro”, “distancias e rumbos”; no capítulo de “Meteoroloxía” solicítase información a propósito de “ceo e temperamento”, “aire e ventos”, “augas e mareas”, “terreo e volcáns”; con respecto á “Comarca” interesan os datos relativos a “illas e ríos”, “lagos e fontes”, “montes e bosques”, “vales e covas”; e así sucesivamente. As denominadas “probos xustificativas” refírense a “autores impresos e citas”, “autores manuscritos e memorias”, “instrumentos orixinais e copias”, “sepulcros e epitafios”, “esculturas e pinturas”, “inscricións e moedas”. Como pode apreciarse, moitos dos puntos que figuran no cuestionario non pertencen ó ámbito propiamente xeográfico; así ocorre coas preguntas sobre gramática (toponimia), idioma (xeolingüística e dialectoloxía), carácter, agricultura, botánica, mineraloxía, costumes e diversións (etnoloxía e folclore), relixión, desgracias, méritos, nobreza, antigüidades, tradicións, monstros e prodixios... Cómpre salientar que mentres Feijoo se esforzaba en eliminar a superstición das mentes dos seus coetáneos e en desterrar todas as crenzas, lendas, mitos e tradicións populares, o seu incondicional compañeiro de hábito consideraba que ese era un valioso campo de coñecemento e unha auténtica fonte de saberes que había que preservar pola súa condición de testemuños do pasado (Filgueira, 1981, 1994; Pensado, 1978).

Os medios necesarios para aplicar o inquérito parecían sinxelos: segundo as previsións de Sarmiento, aínda que fosen moitas as persoas ás que se pedise información, abondaría con doce individuos “hábeles, eruditos e aplicados” para sacar o máximo proveito dos copiosos datos reunidos. Co obxecto de lograr unha maior eficacia á hora de recoller a información, o interrogatorio debería entregarse á máxima autoridade eclesiástica do lugar, ou á principal persoa relacionada coa administración de xustiza, ou a ambas as dúas, para que, xunto co escribán, puidesen formular as preguntas e tomar nota das respostas; tamén se podía contar coa colaboración dalgunhas persoas “prácticas e eruditas”, no caso de que as houbera, porque o obxectivo era preguntar ó maior número posible de persoas, de toda idade, clase e condición.

No seu “Plano”, Frei Martín propón as diferentes preguntas que deben facerse en cada un dos apartados de que consta o cuestionario, se ben deixa liberdade ós interrogadores para reformulalas do xeito que consideren máis apropiado e que permita obter respostas máis amplas e precisas. Velaí, a título de exemplo, as preguntas suxeridas no apartado de “Xeografía”:

Clima e paralelo: ¿en qué zona, clima celeste e paralelo se atopa? Se é un territorio amplo, ¿entre que paralelos está comprendido? ¿Canto duran o seu día e noite máis longos?

Latitude e lonxitude: ¿en cantos graos e minutos se atopa de altura do Polo ou de latitude da equinoccial? ¿En cantos graos e minutos se atopa de lonxitude do primeiro meridiano, e por onde pasa este para o cálculo? Se é un territorio amplo, ¿canta é a súa latitude ou ancho en graos, de norte a sur, e a súa lonxitude ou largo, de oriente a poñente?

Agulla e barómetro: se a agulla magnética ou de marear declina e cánto, e a qué praga. Se se observa a variación desa mesma declinación e se é sensible a inclinación. Se hai algunha observación do que sobe o mercurio no barómetro. Se se sabe cánto se eleva o sitio sobre o plano do mar. Se hai observación da variedade de vibracións do péndulo con respecto ó mesmo péndulo noutro país.

Distancias e rumbos: ¿que distancias itinerarias ten doutros lugares coñecidos? Refíranse polas catro partes do ceo e polas outras catro intermedias; por exemplo, ó norte ten tal lugar ou cidade, a tantas leguas; ó nordeste, tal, a tantas; ó oriente, tal, a tantas; ó sueste, tal, a tantas; ó sur, tal, a tantas; ó sudoeste, tal, a tantas; ó poñente, tal, a tantas; e ó noroeste tal vila e tal cidade, a tantas leguas. Sempre contando así as distancias, polos oito ventos. Se é porto de mar, ¿que distancias mariñas ten ós oito ou dez portos máis inmediatos ou máis famosos, e en que rumbo están? Póñanse as distancias por leguas ou horas de camiño (Pensado, 1996).

Lamentablemente, parece que este ambicioso proxecto de descrición xeográfica de España foi pouco utilizado polos responsables do *Catastro do marqués da Ensenada*, a xulgar polas críticas que o beneditino lle dedicou de forma obsesiva e recorrente nos seus escritos, salientando a súa inutilidade, dispendio e calamitosas consecuencias tributarias (González Mariñas, 1997). En realidade, nesta cuestión atopámonos con dous criterios radicalmente enfrontados: as corenta preguntas do cuestionario de Ensenada, aplicado entre 1750 e 1756, pretendían avaliar a riqueza das provincias pertencentes á Coroa de Castela, co obxecto de unificar o sistema fiscal mediante unha contribución única e equitativa, en lugar das múltiples cargas tributarias que desde comezos do Dezaioito se agrupaban baixo a nomenclatura de “rendas provinciais”; pola contra, Sarmiento perseguía un obxectivo puramente científico en relación coa elaboración dunha completa e exacta descrición xeográfica, histórica e económica de España (Filgueira, 1994; Pensado, 1995). Non obstante, Jovellanos soubo da súa existencia e en 1789 recomendou á Real Academia da Historia que se fixese unha copia; Pensado (1994, 1995) está convencido de que esta entidade o tivo en conta para o seu magno proxecto do *Diccionario Geográfico-Histórico de España*, finalmente interrompido pola conflictividade que marcou os últimos anos do reinado de Carlos IV e polos avatares da Guerra da Independencia. En todo caso, marcou o rumbo doutras iniciativas encarreiradas na mesma direc-

ción, coma o *Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal* de Sebastián de Miñano (1826-1829 e 1835), a *España Geográfica, Histórica, Estadística y Pintoresca* de Francisco de Paula Mellado (1845) e, sobre todo, o *Diccionario geográfico, histórico y estadístico de España y sus posesiones de Ultramar* que Pascual Madoz publicou entre 1845 e 1850 (Capel, 1981).

Un procedemento para cartografar o Reino de Galicia

Xa no século XVI apareceran diversos traballos en relación co proxecto de realizar unha cartografía científica dos territorios españois, sendo o noso país o primeiro estado europeo en amosar interese por esta cuestión. Sen embargo, mentres que nacións coma Francia impulsaron decididamente este tipo de iniciativas desde o Dezasete, en España non se pasou das boas intencións, de maneira que o coñecemento cartográfico do noso territorio era moito máis deficiente có doutros países. A carencia dunha axeitada base cartográfica propia provocaba unha total dependencia da produción estranxeira, coas correspondentes consecuencias negativas de carácter científico, cultural, político, económico, administrativo e militar (Capel, 1982, 1988). Consciente destas limitacións, o Padre Sarmiento redacta, en 1762, un documento de doce pregos e medio, que quedou sen rematar, titulado *Problema Chorográfico para describir a Galicia con un nuevo método*. Descoñécese o destino do manuscrito autógrafo, pero existe unha copia na Colección Medina Sidonia (Arquivo Ducal de Sanlúcar de Barrameda) e outra na Colección Dávila (Biblioteca Nacional de Madrid), texto este último utilizado para a edición e estudio a cargo de J. L. Pensado (1996).

A finalidade deste proxecto era a elaboración dun mapa do Reino de Galicia completo e preciso, de maneira que todos os datos cartografados estivesen localizados con exactitude. Para iso, Sarmiento afástase do traballo de gabinete que seguía o seu coetáneo Tomás López, xeógrafo oficial da Coroa (Capel, 1982), e idea un método dirixido a obter directamente sobre o terreo toda a información necesaria para o levantamento cartográfico. O “arbitrio” consiste en situarse na cidade leonesa de Astorga e atravesar Asturias ata chegar á ría de Navia; nesta paraxe iníciase un longo percorrido polo recordado perímetro costeiro do país ata Viana do Castelo, xa en terras portuguesas, onde verte as súas augas o río Limia. Desde a desembocadura de cada unha das correntes fluviais, cómpre penetrar cara ó interior, explorando primeiro a beira dereita do río ata chegar ás súas fontes e logo regresando pola outra marxe ata o punto de orixe. O mesmo procedemento debe seguirse cos distintos afluentes e subafluentes do río principal que se vaian atopando ó longo da viaxe. A este respecto, Sarmiento denomina río “orixinal” (principal) ó que desauga directamente no mar, e río “segundo” (afluente) ó tributario doutra corrente, concluíndo que o río que desemboca na Guarda é o Sil, do cal o Miño é fluente. Unha vez situados en Viana do Castelo, último punto costeiro da camiñada, só resta percorrer a beira meridional do río Limia (a “raia seca”, entre Galicia e Portu-

gal) ata chegar a Sanabria, e desde alí dirixirse finalmente a Astorga, onde comezara o camiño.

Seguindo este itinerario, o viaxeiro terá sempre a auga á súa destra, e poderá tamén usar preferentemente o ollo dereito para esculcar a paisaxe. Polo demais, Frei Martín, incansable camiñante sempre que a súa vida retirada llo permitía e insufrible pregunta segundo confesión propia, era plenamente consciente da singular amplitude e densidade da rede fluvial galega, constituída por numerosos ríos, regos e regatos que, dous séculos máis tarde, permitiron a Cunqueiro cualificar a Galicia como “o país dos dez mil ríos”. Sabedor disto, Sarmiento está seguro de que, camiñando polo bordo da costa e polas beiras de todos os ríos como indica o seu “arbitrio”, practicamente todos os lugares do noso país poderán ser visitados ou, alomenos, ollados de preto, o que permitirá a obtención dos datos necesarios para a completa descrición de Galicia que se pretende.

A empresa requiría a participación de seis homes, dos que deberían ser galegos alomenos catro, para asegurar así un axeitado coñecemento da lingua e realidade galegas por parte dos expedicionarios. Entre os tres principais membros da comitiva, que tiñan que se desprazar a cabalo e convenientemente armados, deberían reunir acreditados coñecementos de física, historia natural, botánica, mineraloxía, augas minerais e medicinais, antigüidades, historia, debuxo, matemáticas, enxeñería, castelán e, sobre todo, galego. A seguridade dos viaxeiros debería quedar garantida polo acompañamento de dous vigorosos soldados, así mesmo galegos, debidamente uniformados e poderosamente armados.

Para efectuar as medicións pertinentes, cómpre dispor dun completo instrumental: unha agulla de marear ou compás, un barómetro termómetro, un hidrómetro para pesar as augas, un anteollo de longa vista, un microscopio, un astrolabio, un cuadrante para medir ángulos, unha esferilla armilar de bronce, un libriño para rexistrar as anotacións de campo, unhas táboas trigonométricas e logarítmicas, e un aparello metálico e con rodas para contar os pasos. Tanto as observacións e medidas realizadas como as informacións de todo tipo facilitadas polos paisanos deberán quedar coidadosamente apuntadas e mesmo debuxadas: ángulos, distancias, alturas, rumbos, orientacións, mareas, portos, embarcacións, praias, pontes, lugares, casas grandes, montes, ermidas, mosteiros, santuarios, fortificacións, castelos, monumentos, mámoas, sepulcros, miliarios, inscricións e moedas antigas, muíños, batáns, ferrerías, minas, exemplares dos tres reinos da natureza...

Como vemos, e ó igual que ocorrera co *Plano de un nuevo y fácil método para formar una General Descripción Geográfica de España y la América*, os datos que agora Sarmiento pretendía cartografar superaban con moito o dominio estrito da xeografía, toda vez que o frade beneditino distinguía cinco ramas da Corografía: Corografía Física, Corografía Eclesiástica, Corografía Xentílica, Corografía de Media Idade e Corografía Moder-

na ou do estado presente. Ademais, resulta fácil detectar un interese filolóxico subxacente, presente, como se sabe, en toda a súa obra. Neste sentido, xa foi salientado (Capel, 1989) que a dimensión corográfica da xeografía (antecedente dos actuais estudos rexionais) pretendía describir os continentes, os países, as rexións, as comarcas e os lugares na complexidade dos seus trazos físicos e humanos, o que facía dela un saber enciclopédico de excesiva ambición.

De todos os xeitos, o Padre Sarmiento admite que a descrición física constitúe a corografía fundamental, na que se basean todas as demais corografías. A este respecto, acepta que a superficie de Galicia, da mesma maneira que todo o globo terráqueo, estivo sometida ó longo do tempo a modificacións numerosas e de grande envergadura a causa de terremotos, furacán, tempestades, inundacións de mares e de ríos e outro tipo de catástrofes. Xa que logo, os actuais caracteres territoriais do noso país teñen moi pouca semellanza cos que se rexistraron hai miles de anos. Evidentemente, Sarmiento non era alleo ás principais controversias científicas do momento, polo que non está de máis que fagamos unha sucinta revisión das ideas sobre a configuración da superficie terrestre que se discutían nos círculos intelectuais do Dezaoitto.

Estamos a falar dunha centuria na que a relixión seguía gozando de moita entidade (aínda que se observase unha “nova relixiosidade”) e a maioría dos científicos continuaban sendo crentes, de tal xeito que os dogmas relixiosos conducían ó “fixismo”, visión estática que, por oposición ó evolucionismo, sostíña a inmutabilidade xeral do planeta. En relación co fixismo, pero con perfís propios, o “creacionismo” defendía que os trazos básicos da superficie terrestre xa quedaran establecidos no acto da creación. A historia da Terra estaba narrada no libro do *Xénesis* e non era doado discutir científicamente sobre este tema sen referirse a pasaxes esenciais do relato bíblico, coma os seis días da creación ou os corenta do diluvio universal. A este respecto, moitos dos xeólogos dos séculos XVIII e XIX (especialmente Georges Cuvier, 1769-1832) pensaban que a formación de voluminosas cordilleiras e a escavación de profundos vales só se podían explicar apelando á intervención de súbitos procesos extraordinarios que provocaban vertixinosas convulsións no Globo. Frei Martín recoñecía a Carl von Linné (1707-1778) coma o máis famoso naturalista e botánico do mundo, ó tempo que se declaraba coñecedor da súa sistemática binomial; pois ben, o científico sueco explicaba que toda a terra estivera noutra época cuberta polas augas, agás unha pequena illa habitada por unha parella de cada especie de animais, a partir da cal se foron dispersando conforme aumentaban as superficies secas.

Todas estas alteracións teñen unha explicación “catastrofista”, segundo a cal as estruturas xeolóxicas son unha consecuencia de grandes catástrofes ocorridas no pasado da Terra. Os partidarios desta hipótese consideran que, en tempos remotos, o noso planeta se viu afectado por traumatismos moito máis extensos e violentos que os coñecidos en época histórica. O máis importante deles, a inundación diluviana, permitía

explicar tanto a formación das montañas como a súa erosión e, en xeral, boa parte dos cambios xeolóxicos. A Igrexa podía sentirse satisfeita de contar co apoio de científicos eminentes, coma o mencionado Cuvier, que poñían a súa sobranceira reputación ó servizo do dogma (Stokes, 1969).

Sen embargo, as arremetidas dos teólogos non impediron que se fosen abrindo paso outras interpretacións no eido das ciencias da terra. Así, Benoît de Maillet (1656-1738) desenvolveu a súa teoría do “transformismo” xeolóxico: prescindindo da actuación divina, facía recaer na acción da auga do mar todos os procesos de modificación da superficie terrestre; o mar inundaba periodicamente os continentes e logo a evaporación facía que as augas se fosen retirando lentamente ata configurar a fisiografía da codia terrestre. Pola súa banda, Georges Leclerc, conde de Buffon (1707-1788), a obra do cal foi amplamente difundida na España do Dezaioito a través das “Sociedades Económicas de Amigos del País”, consideraba que os seis días da creación bíblica había que entendelos no senso de extensas “épocas”; durante o terceiro deses períodos, as augas cubriron os continentes, retirándose na época seguinte. Como se sabe, tanto os episodios de inundacións planetarias coma os de retroceso dos mares son concepcións que podemos atopar en antigas cosmogonías e tradicións mítico-relixiosas, tales como a civilización mesopotámica, determinadas culturas amerindias ou a propia Biblia xudeo-cristiana.

Todas estas ideas xermolarían, décadas máis tarde, en autores coma James Hutton (1726-1797) e, sobre todo, Charles Lyell (1797-1875), máximos defensores do “actualismo-uniformitarismo”: os procesos xeolóxicos e as leis naturais que operan na actualidade para modificar a codia terrestre actuaron da mesma maneira e coa mesma intensidade ó longo do tempo xeolóxico. Así, podemos atopar unha explicación verosímil ó pasado xeolóxico se examinamos os procesos que actúan no momento presente, sen necesidade de acudir a episodios sobrenaturais e milagreiros (Stokes, 1969).

En realidade, o debate entre “catastrofismo” e “uniformitarismo” (Hallam, 1985) foi un enfrontamento entre relixión e ciencia, entre fe e razón. Na actualidade, téndese á unificación desas dúas correntes de pensamento. O que se trata é de conxugar a “forza” suposta ó catastrofismo co “tempo” atribuído ó uniformitarismo. Esta integración das catástrofes esporádicas e intensas cos procesos graduais e continuos, que recibiu a denominación de “neocatastrofismo” (ou “neouniformitarismo”), vén xustificada por un feito contundente: ó longo da historia do noso planeta ocorreron diversos eventos catastróficos que tiveron unha influencia transcendental na evolución do modelado terrestre. Terremotos de alta intensidade, persistentes secas, desastrosas inundacións, impactos de asteroides ou cometas, erupcións volcánicas de gran poder destructor, entre outros exemplos, forman parte destes episodios que modificaron profundamente a superficie terrestre. Sarmiento, polo que se ve, tampouco andaba totalmente desencamiñado nesta ocasión.

Outras reflexións xeográficas do Padre Sarmiento: as relacións entre demografía e economía

Entre os anos 1762 e 1766, Sarmiento afánase en compoñer, a petición dos seus superiores, unha monumental *Obra de seiscientos sesenta pliegos, que trata de Historia Natural y de todo género de erudición con motivo de un papel, que parece que se había publicado por los abogados de La Coruña, contra los foros y tierras que poseen en Galicia los Benedictinos*, que se atopa na madrileña Real Academia da Historia (os catro primeiros volumes) e no Museo Provincial de Pontevedra (o quinto e último tomo), todos eles pertencentes á Colección Medina Sidonia. Neste traballo podemos atopar dúas vertentes ben diferenciadas: unha de carácter negativo, na que Frei Martín trata de defender a súa orde e demostrar as falsidades contidas nun escrito dos avogados coruñeses no que se responsabilizaba do atraso de Galicia á orde bieita, dona e señora da metade do reino, ó tempo que denuncia implacablemente os abusos da administración pública; e outra de sentido positivo, onde se estende sobre os remedios e maneiras de restablecer a prosperidade económica no país. Aínda aceptando a súa non neutralidade nas argumentacións que utiliza, é de xustiza recoñecer que a crítica sarmentiana chega tamén á propia orde benedictina, por ter abdicado dos seus dereitos e permitir a ocupación de postos claves por abades estraños a Galicia, totalmente despreocupados da miseria dos campesiños (Pensado, 1995).

A *Obra de seiscientos sesenta pliegos* contén suficientes referencias para pescudar o interese do monxe erudito polas relacións entre demografía e economía, en particular as súas ideas sobre o despoboamento de España e os medios para promover a agricultura. Despois de denunciar a voracidade dos señores que intentan converter en perpetuos os arrendamentos ou “foros” feitos por tres xeracións, declara que os labradores pobres están menos oprimidos polos mosteiros que polos ociosos foreiros; por conseguinte, son os abusos sufridos polos labradores os que os desaniman e os empuxan a fuxir da labranza, bloqueando o progreso da agricultura en España. Relacionando éxodo rural e decadencia da actividade agrícola, Frei Martín aproveita a ocasión para denunciar os elementos sociais que se benefician do atraso do país e se opoñen ás reformas que poderían ser contrarias ós seus intereses.

Jerónimo de Uztáriz, en *Theórica y práctica de comercio y de marina* (1724), utilizou como fonte demográfica o *Vecindario de Campoflorido*, correspondente ós anos 1712-1717. De acordo cos datos elaborados por Uztáriz, anticuados e pouco fiables, Feijoo aceptaba unha cuantificación de 7,5 millóns de habitantes para a poboación española. En cambio, o Padre Sarmiento, usando a reedición de 1757 da obra de Uztáriz, distánciase da apreciación do seu compañeiro de hábito e eleva esa cifra ata os 9,5 ou 10 millóns de persoas, razoablemente inferior ós 10,4 millóns de habitantes que proporciona o *Censo de Floridablanca* (1787), quizais o máis fidedigno dos realizados durante o século XVIII. Pola súa banda, Saavedra e Villares (1985) estiman que, no momento en

que se realizou ese reconto, en Galicia debían vivir entre 1,3 e 1,4 millóns de persoas. Todo parece indicar, xa que logo, que a poboación española aumentou considerablemente durante o Setecentos, e que Galicia viu incrementar os seus efectivos demográficos durante ese período nunha proporción superior á media do conxunto español (Anes, 1975).

Por iso, cando Frei Martín reflexiona sobre o problema demográfico e fala indistintamente de decadencia da poboación, despoboamento ou atraso da poboación, temos que entender estas expresións, non no senso de diminución demográfica, senón na perspectiva dun crecemento insuficiente para as necesidades e posibilidades do país, debildade que atribúe a unha combinación de causas: o excesivo número de solteiros, a falta de medios económicos para alimentar unha prole abundante, a infecundidade matrimonial e a existencia de morgados, fórmula hereditaria de orixe medieval que no Setecentos acadou a súa máxima extensión (Domínguez Ortiz, 1976) e contra a que Sarmiento, ó igual que o cóengo lugués Juan Francisco de Castro (Dopico, 1978), carga as tintas con singular vehemencia pola súa negativa incidencia na nupcialidade. Ademais, dado que o fillo maior (vinculeiro) é o herdeiro de todos os bens, os restantes descendentes son persuadidos para que opten polo celibato, de maneira que a Igrexa acaba sendo cómplice do morgado para provocar o estancamento da poboación.

As ideas mercantilistas, dominantes no eido da teorización política e económica sobre todo desde que Jean-Baptiste Colbert as desenvolveu no século XVII, consideraban que o fundamento da prosperidade pública e do poder do Estado radicaba na existencia dunha poboación numerosa e industriosa. Comunmente aceptado este principio, non debe estrañarnos que se intentase explicar a “decadencia” de España acudindo a un suposto estancamento ou mesmo diminución demográfica e que o incremento poboacional constituíse un dos obxectivos prioritarios dos reformadores ó longo do século. Neste sentido, cando Sarmiento critica ós titulares dos morgados e se posiciona, con matices, a prol duns efectivos demográficos abundantes, parece decantarse claramente polas tendencias mercantilistas propias dese período histórico: unha poboación densa favorece o relanzamento da actividade comercial e da produción industrial, consideradas como servizo á monarquía dada a súa contribución ó incremento dos recursos da Facenda Real a través dos impostos indirectos.

De todos os xeitos, aínda que Frei Martín non esquece a importancia do comercio e da industria na actividade económica do país, enfatiza repetidamente a asociación entre poboación e agricultura, á vez que insiste nos prexuízos ocasionados polo despoboamento das áreas rurais, queixa habitual nos economistas do Século das Luces. Neste sentido, o discurso antiurbano do ilustre bieito critica a acumulación de xente desocupada e inútil nas cidades máis populosas, co conseguinte atraso da actividade agrícola, base do sistema económico. Sarmiento non pode ser considerado, desde logo, un malthusianista, pero tampouco un populacionista en toda a amplitude do termo, dado que, na súa opi-

nión, o incremento demográfico é, se acaso, un síntoma ou unha consecuencia, pero non unha causa do crecemento económico e do benestar social: o desenvolvemento da agricultura produce un aumento da poboación, pero non ó contrario (Dopico, 1978).

Por outra banda, cómpre salientar que as investigacións históricas actuais non confirman ese suposto abandono dos campos; pola contra, e malia non existiren cifras que o demostren, certas apreciacións de carácter cualitativo permiten afirmar que durante o Setecentos tendeu a aumentar a superficie cultivada e, xa que logo, as cantidades recoleitas dos distintos produtos agrícolas. Así, é de supoñer que o aumento da poboación urbana fose paralelo a unha maior demanda de produtos agrícolas, o que provocaría un incremento dos seus prezos que debeu servir de estímulo á actividade agrícola, en particular na segunda metade da centuria. Con todo, non era infrecuente que circunstancias climáticas adversas provocasen malas colleitas, coas conseguíntes crises de subsistencia e carestías que desataban protestas e alteracións da orde en vilas e cidades. O primeiro episodio de fame e peste no Dezaoitto tivo lugar en 1709-10 e foi seguido doutros cataclismos semellantes en 1746-47, 1763-64, 1768-69, 1784 e 1797; sen dúbida, o de maior gravidade foi a escaseza de 1768-69, de tan funestas consecuencias que forzou o espallamento do cultivo da pataca en Galicia (Anes, 1969, 1975, 1997; Domínguez Ortiz, 1976; Dopico, 1978).

Sexa como fose, a diminución da poboación rural era un problema que certamente se percibía con inquietude desde a Corte de Carlos III, en particular no tocante ó éxodo de galegos a terras portuguesas. Así o testemuña un informe do marqués de Croix, Capitán Xeral do Reino de Galicia, e o dictame de Campomanes sobre este mesmo informe, documentos datados en 1763 e 1764, respectivamente. Do mesmo xeito, Sarmiento deixou constancia escrita da súa pesadume pola atonía demográfica de Galicia, como resultado das observacións feitas durante as viaxes por esta rexión realizadas en 1725, 1745-46 e 1754-55, decatándose de que a conxunción de celibato e emigración constitúe o principal regulador demográfico nese momento e constatando unha maior incidencia do despoboamento nas terras do interior pola súa proximidade a Portugal e a Castela. Así mesmo, nas cartas que lle enviou ó seu irmán Francisco Xavier en 1747 e 1748 faise eco da inusitada proporción de solteiría feminina como consecuencia da intensa emigración masculina, cifrando en corenta e cinco mil os galegos residentes en Lisboa. E noutra misiva que remitiu en 1750 ó xesuíta Francisco de Rávago, confesor do rei, amosa tamén o seu desacougo pola constante diminución da poboación rural e o conseguínte abandono dos cultivos, co desexo de que esa preocupación fose compartida polos que daquela dirixían ou alentaban a política da monarquía.

A existencia da emigración constitúe un indicador bastante preciso dunha estrutura socioeconómica desaxustada, polo que este fenómeno demográfico reclamou a atención dos ilustrados que apostaban por un ideario reformista. Concorrente con esta preocupación, o frade bieito tamén dá conta do inicio dun fluxo migratorio de galegos cara

a América, con rumbo ós territorios do Río da Prata, destino preferente, xunto coa illa de Cuba, da emigración ultramarina no século XVIII. Cando Frei Martín, non sen resistirse, tivo que resignarse finalmente a aceptar, por obediencia, o cargo de Cronista Xeral de Indias que o rei Felipe V lle outorgou en 1750 (Filgueira, 1972, 1981, 1994), preocupouse especialmente da saída de habitantes de Galicia e dos problemas suscitados arredor do fenómeno migratorio. Os “indianos” enriquecidos non se libran da aceirada crítica sarmentiana, porque o seu retorno actúa como un factor incitador dunha crecente emigración en cadea a partir de vínculos familiares ou veciñais (Rodríguez Galdo, 1995, 1997).

Así mesmo, o noso beneditino é tamén un dos primeiros autores en relacionar o desenvolvemento da gandería co despoboamento orixinado pola peste de 1348. En efecto, parece que a substitución de terras de cultivo por pastos foi unha realidade en Castela ó longo da segunda metade do século XIV, circunstancia que Sarmiento relaciona coa orixe da Mesta. E nunha carta que en 1765 dirixe ó duque de Medina Sidonia refírese ó apoxeo da transhumancia e ás conexións entre gandería extensiva baseada no desprazamento dos rabaños, agricultura e poboación, xulgando negativamente a baixa densidade demográfica de Estremadura, Castela e León, que el atribúe precisamente á práctica da gandería mesteña. Desde unha óptica aínda mercantilista, pensa que, á parte de produtos de luxo e mercadorías superfluas, só se pode exportar o que sobre despois de satisfacer as necesidades internas; neste sentido, considera que a la é unha materia prima que non convén exportar, xa que os beneficios que proporcionan as vendas ó exterior non compensan o prexuízo derivado das importacións de tecidos elaborados con esa mesma la que se exporta (Anes, 1997).

Coherente coas súas ideas, Frei Martín rexeitou desdeñosamente o nomeamento de membro honorario da Academia de Agricultura do Reino de Galicia, fundada por José Cornide en 1765 e con sede na cidade da Coruña; non parece a súa unha renuncia moi desacertada porque ese organismo só estivo vixente durante nove anos e a súa influencia foi escasa (Dopico, 1978). Sen embargo, a insistencia teimuda do beneditino na necesidade de roturar máis terras para promover a actividade agrícola e unha gandería plenamente integrada con ela, permítenos atopar no noso personaxe un defensor anticipado das ideas ruralistas que, en franca reacción contra o mercantilismo, abriron o camiño da fisiocracia. Esta doutrina económica, sistematizada por François Quesnay (*Tableau économique*, 1758), acabaría por converterse en preponderante na segunda metade do Setecentos: a terra é a fonte primaria de riqueza, a única que, a través da agricultura, proporciona un “produto neto”, polo que só os agricultores incrementan a prosperidade da sociedade; todos os demais traballadores limitáanse a transformar o que a agricultura xa producira con anterioridade, de maneira que o comercio só produce unha ganancia individual e a industria contribúe ó aumento da riqueza na medida en que non arrinque ós homes do traballo da terra.

Cómpre ter en conta que a Galicia do século XVIII era unha sociedade basicamente rural, polo que calquera pensador que reflexionase sobre o estado da economía galega tiña que dirixir a súa atención en primeiro lugar cara á agricultura, actividade baseada nun policultivo de subsistencia que xogaba un papel central no sistema económico e que necesariamente tiña que conservar esa mesma relevancia no programa de reformas que propugnaban os ilustrados (Dopico, 1997). Neste contexto, e persuadido da excelencia das ideas agraristas, o frade bieito pensa que só a agricultura é quen de estimular o crecemento da poboación, polo que é preciso romper cos atrancos que se opoñen ó desenvolvemento agrario: a propiedade vinculada ós morgados e amortizacións, o minifundismo, o abandono das terras cultivadas, a pobreza dos rendementos agrícolas e, por riba de todo, a decrépita e viciada institución foral caracterizada pola presenza de subforos subordinados en distintos graos.

En efecto, Frei Martín está plenamente convencido de que o absentismo da nobreza e a subseguinte irrupción dun colectivo social de rendistas subforeiros (“señores medianeiros” ou “fidalguía intermediaria”), interposto entre os propietarios e os cultivadores directos das terras (Anes, 1975), foron os móbiles que fixeron recaer unhas cargas insoportables sobre as explotacións campesiñas, dando lugar a un crecente éxodo rural e á conseguinte crise demográfica cada vez máis acentuada (Rodríguez Galdo, 1997). É evidente que Sarmiento participa directamente na radicalización do debate sobre a cuestión foral, que Saavedra e Villares (1985) ven como unha loita polo control do excedente agrario e, quizais, como unha reorientación das alianzas sociais que estiveran viventes no campo ata o século XVIII. Pero, ademais, cómpre non perder de vista a interesante observación de Dopico (1978), cando advirte que o perspicaz beneditino, co seu discurso defensivo e agresivo ó mesmo tempo, no que proliferan as referencias ó labor apostólico e cultural dos relixiosos, á función social que exercen os mosteiros e ós seus apuros económicos, e ó que el considera unha conxura contra a orde bieita, ben puidera matinar que o preito sobre a perpetuación dos foros non facía máis que anunciar decisións políticas de moita máis gravidade: a desamortización dos bens eclesiásticos.

Está claro que o Padre Sarmiento busca as causas do suposto despoboamento de España no propio funcionamento interno da sociedade e nas deficiencias da organización económica e administrativa, desprezando a incidencia doutros factores que os seus contemporáneos adoitaban invocar, tales como a expulsión dos xudeus e mouriscos, a emigración ás colonias de Ultramar, o peso excesivo dos impostos reais, o elevado número de relixiosos e a sucesión de pestes, guerras e fames. En vez de acudir a ese tipo de xustificacións, o egrexio beneditino arremete contra unha categoría social urbana que considera ociosa e improductiva e que está constituída por titulares dos morgados, propietarios de gando transhumante ou de terras que non cultivan directamente, arrendadores de rendas reais ou empregados da Facenda; en definitiva, unha especie de clase

media, integrada por xente de diversas procedencias pero cunha aspiración común: obter rendas sen emporcar as mans (Dopico, 1978; Dubuis, 1972).

Sorprendentemente, Frei Martín deixa fóra das súas críticas os morgados da alta nobreza, o que, xunto coa súa innegable disposición a prol dos grupos sociais máis desfavorecidos, parece indicar un estado de ánimo tamén favorable á alta aristocracia, fronte á animadversión que lle merecen as nacentes clases medias. Velaí a carga ideolóxica do noso beneditino, que nunca cuestiona a xerarquía social, senón unicamente a súa degradación (Dopico, 1978). É sabido que os ilustrados critican os abusos, os excesos, pero non os sistemas; o seu reformismo pretende romper as barreiras que se opoñen ó axeitado funcionamento das leis económicas, pero non discuten a estrutura social e política, nin moito menos a concepción dun poder real absoluto (Barreiro, 1997), aínda sendo sabedores da contradicción que supón tratar de compatibilizar un discurso de modernización coa defensa da soberanía ilimitada do monarca. Por iso, os devezos de Sarmiento ían polo vieiro da restauración da vella sociedade tradicional, consonte ó ideal da regra de San Bieito, agora ameazada pola perturbadora presenza de grupos sociais que teñen o atrevemento de disputarlles ós vellos señores o seu papel dirixente na sociedade (Rodríguez Galdo, 1997).

O ensino da xeografía

No maxín dos pensadores ilustrados bulía unha firme convicción: se a ignorancia é a causa de todas as calamidades sociais, a prosperidade e a felicidade das xentes só serán posibles a través da educación. De aí a necesidade dunha política de ilustración popular, xa que, tendo en conta a lamentable situación escolar do momento, o Estado é a única institución con capacidade para acometer esta inxente tarefa de instrucción pública. O Padre Sarmiento, que participa plenamente desta reflexión, sabe que a mellora do ensino constitúe un paso previo a calquera política reformista coa que se pretenda dar o salto á modernidade, polo que aposta por unha educación que sexa útil tanto para o desenvolvemento da propia persoa coma para o progreso da sociedade (Costa, 1997).

En 1758, Frei Martín envioulle unha carta ó seu irmán Francisco Xavier en relación coa educación do seu sobriño Alonsiño, toda vez que Matildiña, pola súa condición de muller, non necesitaba ningún destes consellos. Aí ten a oportunidade de esbozar as súas ideas pedagóxicas, pero será unha década máis tarde, xa con 73 anos, cando o monxe de San Bieito se afane en escribir dez pregos que conforman un completo *Discurso sobre el método que debía guardarse en la primera educación de la juventud*, do que existe copia manuscrita no mosteiro de Santo Domingo de Silos. Editado por Pensado baixo o título *La Educación de la Juventud de Fray Martín Sarmiento* (1984), constitúe unha novidosa e orixinal obra pedagóxica na que critica con dureza as institucións (desde a escola ata a universidade) sobre as que se asentaba o sistema educativo, xunto co ensino puramente libresco, irracional, rutineiro e memorístico predominantes na época.

Para rachar con ese tradicional intelectualismo aristotélico e escolástico que lle resultaba tan aborrecible, o beneditino inclínase polo estudio das matemáticas e das ciencias físicas e naturais, que falan dun mundo observable e experimentable, fronte ós estudos de carácter filosófico e especulativo (“ciencias contenciosas”), que manexan conceptos invisibles, opinables, inútiles e dificilmente intelixibles. Todo o que se ensina e se obriga a aprender ten que ser razoable e demostrable; tan só a doutrina cristiá e as oracións da Igrexa serán aprendidas de memoria. As verdades da fe representan o único ámbito no que Sarmiento non deixa ningunha marxe á opinión, xa que toda a educación debe desenvolverse dentro dunha incuestionable ortodoxia relixiosa, tal como é presentada no *Cathecismo de la Doctrina Christiana* do Padre Astete. Ademais, estando tan pura en España a fe católica, sería todo un desatino ir estudar ó estranxeiro.

No plano didáctico, Sarmiento reclama mestres eruditos e cincuentóns, grupos de alumnos moi reducidos e, sobre todo, as “leccións de cousas”, xa que o neno ten que aprender os nomes das cousas visibles, primeiro as creadas por Deus e despois as que son produto da fabricación humana; só cando os nenos coñezan as cousas naturais e artificiais, tratarán entón de aprender os nomes das cousas invisibles, inmateriais e espirituais. Seguindo un empirismo filosófico-pedagóxico que emparenta co de John Locke, a observación, directa ou indirecta, constitúe o recurso didáctico fundamental. Así, as cousas corpóreas, tanto naturais como artificiais, deben ensinárselas con voz alta e clara e sinalándoas co dedo, mentres que o ensino das cousas espirituais e invisibles debe realizarse co apoio de ilustracións.

Nesta concepción pedagóxica, o coñecemento da realidade circundante inmediata ó escolar cobra unha especial relevancia, porque nela é onde o neno poderá ver as “cousas” e aprender os seus correspondentes “nomes”, primeiro os vulgares e despois os latinos. No contorno xeográfico é onde poden observarse todas as cousas visibles xurdidas da creación divina (os animais, os vexetais, os minerais, os fenómenos da natureza, o propio home), e tamén o conxunto das cousas artificiais resultado da fábrica humana; en definitiva, aí atoparemos tanto o mundo, ou macrocosmos, coma o home, ou microcosmos.

Frei Martín rexeita a utilización de vocabularios ou dicionarios ordenados alfabeticamente. No seu lugar, propón o emprego de “onomásticos” con voces en galego, castelán e latín, onde as “cousas” se atopen metodicamente clasificadas e interrelacionadas. Deben engadirse voces xeográficas e cronolóxicas, dado que considera a xeografía e a cronoloxía coma os dous “ollos” da historia (Filgueira, 1981, 1994), utilizando unha expresión moi repetida no Dezaioito. Cómpre ter en conta que ó longo desta centuria a xeografía matemática deu xigantescos pasos e que por vez primeira apareceron mapas cos contornos aproximados ós actuais, abandonándose as medidas irregulares da escola clásica. Non obstante, a xeografía acabou por ser excluída do campo das ciencias matemáticas, ó tempo que ía perdendo capítulos esenciais dos seus contidos tradicionais pola aparición de novas disciplinas que asumían o estudio de antigos saberes xeográficos.

Mentres tanto, iniciábase un proceso de identificación crecente da xeografía coa descrición de países, co inconveniente de que este é un coñecemento ó que se lle discute o seu carácter científico. En realidade, a xeografía, en particular a do propio país, convértese nun saber preliminar e auxiliar da historia, que necesita determinar rigorosamente, non só as datas, senón tamén os lugares en que se produciron os acontecementos que narra (Capel, 1981, 1982).

Para Sarmiento, o coñecemento do mundo xeográfico-natural debe realizarse a través de itinerarios polo espazo habitual do neno e subidas ós montes, co fin de desenvolver a capacidade de orientación de acordo cos catro puntos cardinais; durante os percorridos, o escolar preguntará os nomes de lugares, montes, vales, ríos, fontes, árbores e todo tipo de vexetais e outros seres vivos; por fin, comprobará a localización e orientación dos lugares visitados, calculará medidas e distancias, e intentará debuxar un mapa do lugar (Costa, 1997; Flecha e Celada, 1997). Por iso se amosa partidario de franquear as catro paredes da escola para visitar aqueles sitios onde se lles poidan amosar ós nenos todos os obxectos, cos seus propios nomes e usos: un convento, unha igrexa, un pazo, un barco se houbese porto de mar, unha fábrica, un muíño, un batán, as casas dos artesáns, a rúa onde xogan..., calquera lugar é bo con tal de que sirva para aprender sen acudir á memorización. Desconforme coa educación incipientemente institucionalizada e afastada do contorno, o Padre Sarmiento intúe as vantaxes pedagóxicas da interacción escola-medio e avoga polo coñecemento da realidade próxima como método lóxico e natural de traballo intelectual.

A substitución do verbalismo polo realismo constitúe un dos piares básicos do ideario pedagóxico sarmentiano, no que se defendía unha aprendizaxe a través de todos os sentidos posibles e se propugnaba a utilización da intuición como método educativo por excelencia. Adoita apuntarse que o beneditino enlaza así coas ideas de Comenio, que no século XVII (*Didactica Magna, Orbis sensualium pictus*) enfatizaba o valor pedagóxico dos procedementos inductivos e da observación directa e defendía a iniciación ó estudio da xeografía a través do contorno próximo ó neno. Sen embargo, é posible explicar o pensamento educativo do noso bieito sen necesidade de acudir a esas influencias: abonda con considerar o seu grande interese pola cultura tradicional e a súa aposta por unha instrución escolar intimamente conectada cos saberes arraigados no espírito do pobo (Delgado, 1993; Filgueira, 1981).

O que si está claro é que, pola mesma época do pontevedrés de adopción, Rousseau (*Emilio*, 1762) amosábase contrario á educación intelectualista e engadía a conveniencia de representar cartograficamente, aínda que de forma sinxela, as observacións realizadas sobre o contorno. E o proxecto educativo do pedagogo suízo Pestalozzi (1746-1827) nucleábase arredor do estudio da xeografía local e da aplicación do método activo ó ensino. Bo coñecedor dos ambientes intelectuais europeos malia o seu retiro conxuntual, Sarmiento conecta coas ideas pedagóxicas máis avanzadas do momento, que,

moitos anos despois, seguirán sendo sinal inequívoco de progresismo e innovación no eido educativo.

Conclusión

Frei Martín Sarmiento concilia na súa senlleira personalidade unha rara mestura de arcaísmo e novidade, de tradición e modernidade, de dogmatismo católico e racionalismo ilustrado. Non debe perderse de vista que o noso personaxe era, ante todo, un home relixioso, de maneira que toda a súa vida xiraba arredor dun obxectivo central: o crecemento espiritual e a obediencia á súa orde. Non é posible penetrar na complexidade, e mesmo nas contradicións, do seu pensamento sen considerar a súa sólida vocación relixiosa, forxada desde os seus anos máis tenros, que impulsou unha fecunda traxectoria vital e intelectual. Aínda que estaba dotado dunha intelixencia privilexiada, a tenacidade da súa fe impulsábao a acatar modestamente as verdades reveladas. Deste xeito, e ó igual que no caso doutros pensadores do Setecentos hispano (“cristianismo ilustrado”), no monxe bieito tampouco hai oposición entre ciencia e crenza; simplemente, a realidade material e a espiritual móvense en esferas diferentes pero entrelazadas, de maneira que a primeira pódese converter nun vieiro para chegar á segunda (Dopico, 1997).

Sarmiento amosa un perfil conservador cando bota de menos a función social que a Igrexa cumpría antes de que unha serie de grupos sociais oportunistas se aproveitasen da crise do feudalismo para alterar a estabilidade da sociedade estamental (Dopico, 1997). Esta actitude con respecto ó Antigo Réxime ou feudalismo desenvolvido, amosándose partidario dun proceso de reseñorialización, permítenos considerar a Frei Martín como un “refeudalizante utópico” (González Beramendi, 1997). Nun ambiente intelectual no que se proclama a superioridade da ciencia, a súa fe acrisolada non se deixa crebar polo máis mínimo asomo de ambigüidade relixiosa, ó tempo que a herdanza do pasado agroma tamén na intolerancia e xenofobia propias da rancia España imperial, manifestada na súa intransixencia cara ós xudeus, árabes e protestantes.

Sen embargo, boa parte das preguntas incluídas no *Plano de un nuevo y fácil método para formar una general descripción geográfica de España y la América* teñen absoluta vixencia aínda hoxe e constitúen a base dos dicionarios xeográficos ou do traballo de campo propio doutras ciencias sociais (antropoloxía, etnografía, etc.). Da mesma maneira, a descrición de Galicia que propón no *Problema Chorográfico para describir a Galicia con un Nuevo Método* é un agudo precedente das descrições xeográficas seguindo as cuncas dos ríos. Desde idéntica perspectiva de modernidade, Sarmiento propón un ensino baseado exclusivamente nas ciencias físicas e naturais e vehiculado na lingua materna en vez do latín. E, por suposto, descartando os castigos, en particular os de tipo físico, como procedemento para corrixir deficiencias na aprendizaxe ou conductas inapropiadas nos escolares.

Apréciase, así mesmo, un ideal sarmentiano utópico, que desborda o marco utilitarista do pensamento ilustrado. Podemos albiscallo no seu proxecto de colonias ou “casa-

rías” agrarias, clarexador das súas ideas sobre o poboamento rural e do seu concepto dunha economía baseada en explotacións familiares agrícola-gandeiras, onde os oficios industriais só desempeñan un papel complementario e o comercio redúcese ós intercambios, ou mesmo trocos, imprescindibles para cubrir aquelas necesidades que a actividade productiva non sexa quen de satisfacer. Tamén expresa o seu deseño dun proceso de reordenación social, no que desaparecerían todas as clases intermediarias e os labregos pagarían a renda directamente ós seus señores. Un modelo, como vemos, limitadamente igualitarista, dado o seu recoñecemento do señorío feudal e a discriminación da muller no sistema hereditario (Barreiro, 1997; Dopico, 1978, 1997; González Beramendi, 1997).

En numerosos aspectos o Padre Sarmiento permanece ancorado no pasado e en moitos outros mira anticipadamente cara ó futuro. Pero tamén é un observador atento, crítico e rigoroso da sociedade do seu tempo, sagacidade que utiliza para denunciar abertamente as miserias do país e os abusos de que son obxecto os grupos sociais menos favorecidos. O frade tan admirado por Azorín e Marañón viviu adiantándose ó seu presente e escribiu para si mesmo e para o futuro, deixándonos abondosas manifestacións da súa grande erudición, insaciable curiosidade intelectual e desbordante capacidade de traballo, calidades que puxo sempre ó servizo do coñecemento e progreso de Galicia. Unha patria da que el era perfecto coñecedor, tanto do seu territorio coma dos seus recursos, das súas xentes e dos seus problemas. Un país, en fin, que non merecía demasiada atención para o centralismo dos monarcas borbóns, pero si para o humano, intuitivo e realista monxe beneditino que, rozando ás veces a acusación panfletaria, preferiu escribir para nós e non para eles (Pensado, 1978, 1994, 1995).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Allegue, P. (2001): *Martín Sarmiento, un intelectual ilustrado*. Vigo, Xerais.
- Anes, G. (1969): *Economía e «Ilustración» en la España del siglo XVIII*. Barcelona, Ariel.
- Anes, G. (1975): *El Antiguo Régimen: los Borbones*. Madrid, Alianza.
- Anes, G. (1997): Agricultura y ganadería en la España del Padre Sarmiento. En: AA.VV., *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995). Tomo I: Historia e ciencias sociais*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, pp. 53-60.
- Barreiro Barreiro, X. L. (1997): Martín Sarmiento, na insuficiencia da Ilustración. En: AA.VV., *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995). Tomo I: Historia e ciencias sociais*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, pp. 115-144.
- Capel, H. (1981): Los diccionarios geográficos de la Ilustración española. *Geo-Crítica*, 31, pp. 3-49.
- Capel, H. (1982): *Geografía y matemáticas en la España del siglo XVIII*. Barcelona, Oikos-tau.
- Capel, H. (1988): Geografía y cartografía. En: M. Sellés, J. L. Peset e A. Lafuente (comps.), *Carlos III y la ciencia de la Ilustración*. Madrid, Alianza, pp. 99-126.
- Capel, H. (1989): Historia de la ciencia e historia de las disciplinas científicas. Objetivos y bifurcaciones de un programa de investigación sobre historia de la geografía. *Geo-Crítica*, 84, pp. 7-65.

Costa Rico, A. (1997): A dimensión pedagóxica do Padre Sarmiento. En: AA.VV., *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995). Tomo II: Lingua, folclore e educación. Ciencias naturais e medicina*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, pp. 245-300.

Delgado, B. (1993): Martín Sarmiento. En: B. Delgado (coord.), *Historia de la educación en España y América. Vol. 2: La educación en la España moderna (Siglos XVI-XVIII)*. Madrid, SM / Morata, pp. 742-744.

Domínguez Ortiz, A. (1976): *Sociedad y Estado en el siglo XVIII español*. Barcelona, Ariel.

Dopico, F. (1978): *A Ilustración e a sociedade galega. A visión de Galicia dos economistas ilustrados*. Vigo, Galaxia.

Dopico, F. (1997): Sarmiento, pensador ilustrado. En: AA.VV., *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995). Tomo I: Historia e ciencias sociais*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, pp. 103-114.

Dubuis, M. (1972): En torno a unas reflexiones de Fr. Martín Sarmiento acerca de la despoblación de España. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXVII (81-82-83), pp. 122-148.

Filgueira Valverde, J. (1972): *Fr. Martín Sarmiento, el último cronista de las Indias*. Pontevedra, Diputación Provincial.

Filgueira Valverde, J. (1981): *Ideas y sistema de la Historia en Fray Martín Sarmiento*. Madrid, Real Academia de la Historia.

Filgueira Valverde, J. (1994): *Fray Martín Sarmiento (1695-1772)*. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Flecha Andrés, F. e Celada Perandones, P. (1997): Sentido, alcance y límites de la crítica en el proyecto educativo del Padre Sarmiento. En: AA.VV., *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995). Tomo II: Lingua, folclore e educación. Ciencias naturais e medicina*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, pp. 303-318.

González Beramendi, J. (1997): Sociedade, nación e política en Sarmiento e nos ilustrados galegos. En: AA.VV., *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995). Tomo I: Historia e ciencias sociais*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, pp. 265-282.

González Mariñas, P. (1997): A Administración no Padre Sarmiento. En: AA.VV., *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995). Tomo I: Historia e ciencias sociais*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, pp. 247-263.

Hallam, A. (1985): *Grandes controversias geológicas*. Barcelona, Labor [tít. orix.: *Great Geological Controversies* (1983)].

Pensado, X. L. (1978): Feijoo e Sarmiento: dúas vidas sin paralelo. *Grial*, 60, pp. 129-154.

Pensado, J. L. (1984): *La Educación de la Juventud de Fray Martín Sarmiento. Edición y estudio crítico*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Pensado, J. L. (1994): *Para achegámonos a Frei Martín Sarmiento*. Lugo, Citania.

Pensado, J. L. (1995): *Fray Martín Sarmiento, testigo de su siglo*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia [1ª ed. en 1972].

Pensado, J. L. (1996): *Escritos geográficos. Fray Martín Sarmiento*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Rodríguez Galdo, Mª X. (1995): *O fluxo migratorio dos séculos XVIII ó XX*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Rodríguez Galdo, Mª X. (1997): Poboación e agricultura en Galicia na obra de Fr. Martín Sarmiento. En: AA.VV., *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995). Tomo I: Historia e ciencias sociais*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, pp. 61-71.

Saavedra, P. e Villares, R. (1985): Galicia en el Antiguo Régimen: la fortaleza de una sociedad tradicional. En: R. Fernández (ed.), *España en el siglo XVIII. Homenaje a Pierre Vilar*. Barcelona, Crítica, pp. 434-504.

Stokes, W. L. (1969): *Historia de la Tierra. Introducción a la Geología histórica*. Madrid, Aguilar [tít. orix.: *Essentials of Earth History. An Introduction to Historical Geology* (1960)].